



CONSELLO SOCIAL  
Universidade de Vigo

## **PLAN DE APOIO ÁS TITULACIÓNS CON PRACTICUMS QUE ATOPAN DIFICULTADES PARA REALIZAR AS PRACTICAS PREPROFESIONAIS**

### CONVOCATORIA DE AXUDAS

Co obxectivo específico de fomentar a adaptación dos perfís de egreso dos titulados ás demandas dos empregadores, complementar a formación dos estudantes fóra das aulas, propiciar as prácticas e mellorar as expectativas no mercado laboral, e en cumprimento das competencias de promoción e impulso das actividades universitarias recollido na normativa que lle é aplicable,

O Consello Social convoca axudas ás titulacións da Universidade de Vigo que presenten maiores dificultades para que os seus alumnos accedan ás prácticas preprofesionais, por desenvolverse a súa formación en áreas pouco axeitadas para a formalización de convenios.

Con esta iniciativa, o Consello Social tenta promover fóra das aulas actividades de orientación laboral e inserción na vida práctica profesional, así como achegar información e asesoramento aos alumnos sobre as posibilidades de emprego nos distintos sectores da produción, a industria, as administracións, os servizos, etc..., mediante a realización de talleres, seminarios, prácticums, visitas, ponencias, mesas redondas ou conferencias, con profesionais relevantes no ámbito do que se trate.



CONSELLO SOCIAL  
Universidade de Vigo

## BASES DA CONVOCATORIA

- Poderán acceder ás axudas:
  - Titulacións da Universidade de Vigo con planes de estudo anteriores á entrada en vigor do RD1393/2007 con forte contido teórico que organicen Practicums incluídos como obrigatorios no seu Plano de estudos, dirixidos a alumnado dos dous últimos cursos de licenciaturas ou do último curso en diplomaturas, e que na actualidade se atopen con dificultades para a súa realización.
  - Titulacións de grao autorizadas conforme ao RD1393/2007 que contemplen prácticas no seu plano de estudos e que se atopen con dificultades para a súa realización.
- As actividades desenvolveranse ao longo do curso académico 2011-2012.
- As solicitudes de participación na convocatoria deberán ser presentadas no Rexistro xeral da Universidade de Vigo ou nos auxiliares de Pontevedra, Ourense ou Vigo, e dirixidas á Secretaria do Consello Social da Universidade de Vigo polo responsable do centro antes do día **24 de febreiro de 2012**, e nelas, ademais do impreso que se adxunta, deberá constar o programa de Prácticum previsto, un calendario e unha breve descrición de obxectivos e contidos, expondo e xustificando razoadamente as circunstancias excepcionais e as dificultades da titulación para o acceso ás prácticas, así como unha proposta inicial de orzamento.
- O Consello Social farase cargo dos gastos de cada programa aprobado ata unha cifra máxima de 5.000 euros, e a contía será determinada pola Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social.
- O Consello Social destinará no vindeiro curso 2011-2012 ata un máximo de 30.000 euros a esta convocatoria, con cargo á partida 201100CS421S22699 (Outros gastos Consello Social).
- Do importe da axuda asignada entregarase a cada Titulación, por adiantado e unha vez aprobada a concesión, o 60% do total. O 40% restante quedará suxeito á xustificación da axuda anterior, ao cumprimento do programa e ao avance da Memoria que se deberá entregar concluída a actividade.



CONSELLO SOCIAL  
Universidade de Vigo

## ANEXO I: IMPRESO DE SOLICITUDE

Convocadas polo Consello Social da Universidade de Vigo axudas ás Titulacións para o fomento de actuacións de orientación, información e prácticas que permitan un maior achegamento do estudantado ás demandas do mercado laboral, como responsable da titulación, solicito a inclusión na convocatoria.

<i>TITULACIÓN</i>		<i>CAMPUS</i>	
<i>1º APELIDO</i>	<i>2º APELIDO</i>	<i>NOME</i>	
<i>DIRECCIÓN CORREO ELECTRÓNICO</i>	<i>TELÉFONO (Fixo)</i>	<i>TELÉFONO (móbil)</i>	
<i>¿A Titulación ten organizado Programas de Prácticas para os Alumnos dos últimos cursos en anos precedentes?</i>			
<i>En caso afirmativo, indique os resultados principais</i>			
<i>ANO</i>	<i>Nº de entidades/Organizacións colaboradoras</i>	<i>Nº de prácticas ofertadas</i>	<i>Nº de alumnos participantes</i>

Achégase Programa proposto e calendario de execución.

-----, a -----de -----

Sinatura -----